

**ORDE do 11 de maio de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas a investimentos en máquinas de baixo consumo con tecnoloxía 4.0 para agricultura de precisión e menor emisión de gases de efecto invernadoiro para paliar os efectos da crise enerxética derivada do conflito en Oriente Medio. Consellería do Medio Rural(DOG N°93, 21/05/2026)**

**Obxeto**

O obxectivo é paliar os efectos da crise enerxética derivada do conflito en Oriente Medio en Galicia, acelerando a **modernización dos equipos** e o uso de tecnoloxías que permitan unha utilización máis eficiente dos recursos naturais no sector agrario. A partida orzamentaria total é de **8,6 millóns de euros**

O procedemento para a concesión das subvencións recollidas nesta orde tramitarase en réxime de **concorrenza competitiva**.

O código de procedemento é **MR405D**

**Requisitos de admsibilidade**

Titularidade: Ser titular ou cotitular dunha explotación agraria inscrita no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (**Reaga**) Tamén poden ser beneficiarios os **agricultores mozos ou novos** que se establezan cun plan empresarial que inclúa actuacións en materia de mitigación do cambio climático

Idade e capacitación: No caso de persoas físicas, ter polo menos 18 anos e deben posuír a capacitación profesional suficiente, agás no caso de establecementos de persoas mozas ou novas.

No caso de persoas xurídicas, polo menos o 50% dos socios debe ter dita capacitación

Actividade principal: A **actividade agraria** debe ser a actividade principal do solicitante

Compromisos: O beneficiario comprométese a exercer a actividade e manter os investimentos cofinanciados durante un período de 5 anos dende o pago final (ou 3 anos no caso de pemes)

Outras obrigas: Non ter concedida outra axuda pola mesma intervención (agás renuncia), cumprir coa Lei de subvencións de Galicia e dispoñer dunha contabilidade específica Feader

**Operacións subvencionables**

**Maquinaria e equipos elixibles**

- **Xestión de estrumes e xurros**: Máquinas para a súa xestión eficiente, agás os sistemas de aplicación mediante plato, abanico ou canóns.

- **Fertilización e fitosanitarios:** Equipos que melloren a aplicación eficiente de fertilizantes e produtos fitosanitarios.
- **Optimización de recursos:**
  - Carros mesturadores con análise NIR da ración.
  - **Tractores con clasificación enerxética A.**
  - Robots.
- **Agricultura de precisión:** Compoñentes para a adaptación de equipos existentes na explotación, como:
  - Kits de adaptación ISOBUS.
  - Sensores NIR.
  - Sistemas para o traballo variable e sistemas de autoguiado.

### Outros gastos incluídos

- **Estudos técnico-económicos de viabilidade.**
- No caso de maquinaria que inclúa "**extras**", estes deben detallarse e valorarse por separado na documentación.

### **Gastos NON subvencionables**

- A **simple reposición** ou a adquisición de bens de **segunda man**.
- Taxas, licenzas administrativas, xuros de débeda, multas ou sancións.
- Gastos de procedementos xudiciais.
- Investimentos prestados por persoas ou empresas vinculadas co beneficiario.
- Maquinaria para a transformación ou comercialización de produtos e maquinaria de carácter **forestal**.

### **Criterios de prioridade**

1. **Incorporación de mozos/as agricultores/as:** Se a explotación está vinculada á incorporación dunha persoa moza que teña unha axuda concedida nas últimas cinco convocatorias: **5 puntos**.
2. **Nivel de dedicación á actividade agraria:**
  - Dedicación única á actividade agraria: **10 puntos**.
  - Compaxinar con outra actividade: **8 puntos**.
  - Compaxinar con dúas actividades: **6 puntos**.
  - Compaxinar con tres actividades: **4 puntos**.
  - Compaxinar con catro ou máis: **0 puntos**.
3. **Novos agricultores:** Explotacións vinculadas ao establecemento de persoas novas agricultoras con axuda concedida nas últimas cinco convocatorias (intervención 6961.2): **10 puntos**.
4. **Agricultura ecolóxica:** Explotación inscrita como ecolóxica no Reaga: **4 puntos**.

5. **Explotación prioritaria:** Estar inscrita na sección de explotacións agrarias prioritarias do Reaga: **3 puntos**.
6. **Localización en zona de montaña:** Se a explotación está nesa área: **3 puntos**.
7. **Titularidade compartida:** Explotación inscrita nesta modalidade no Reaga: **3 puntos**.
8. **Mulleres titulares:** Se a persoa titular é muller (ou polo menos o 50% das persoas socias en caso de persoas xurídicas): **3 puntos**
9. **Carga gandeira ou especialización vexetal:** Explotacións con carga igual ou inferior a 2 UGM/ha ou especializadas en produción vexetal: **2 puntos**.
10. **Zonas non de montaña:** Localización fóra de zonas de montaña: **2 puntos**.
11. **Seguro agrario:** Contar cun seguro do Plan de Seguros Agrarios Combinados (agás o de retirada de animais): **2 puntos**.
12. **Banco de Explotacións:** Investimentos en explotacións procedentes do Banco de Explotacións (Lei 11/2021): **1 punto**.
13. **Organización de produtores:** Ser membro dunha organización de produtores inscrita no Reaga: **1 punto**.

### Condicións importantes

- **Limiar mínimo:** Para que unha solicitude sexa subvencionable, debe acadar un mínimo de **10 puntos** e cumprir, polo menos, **dous dos criterios** anteriores.
- **Desempate:** En caso de igualdade de puntos, priorizarase a puntuación obtida nos criterios segundo a orde en que están definidos. Se persiste o empate, usarase o criterio de zona rural (priorizando zonas de baixa densidade) e, finalmente, a orde de presentación.
- **Modificacións:** Unha vez finalizado o prazo de solicitude e antes da aprobación, **non se admitirán cambios** nos criterios de prioridade alegados

### Contía da axuda

Para a tecnoloxía 4.0 estrutúranse da seguinte maneira:

- **Importe base:** A axuda será, con carácter xeral, do **40% dos custos elixibles**.
- **Incrementos sociais e ambientais:** Esta porcentaxe base pode aumentar ata un **máximo do 75%** se se cumpren os seguintes criterios acumulativos:
  - **+10%** se o investimento o realiza unha persoa que cumpra as condicións de **agricultor/a mozo/a**.
  - **+10%** no caso de investimentos en zonas con limitacións naturais de **montaña ou na Rede Natura 2000**.
  - **+10%** para investimentos en explotacións de **agricultura ecolóxica**.

- **+5%** no caso de que a persoa **titular da explotación sexa muller** (no caso de persoas xurídicas, máis do 50% das socias deben ser mulleres ou posuír máis do 50% do capital).
- **Límites económicos:**
  - **Investimento mínimo:** O gasto elixible debe ser de polo menos **12.500 euros**.
  - **Axuda máxima:** A contía máxima que pode recibir un beneficiario está fixada en **100.000 euros**.
  - **Mínimo para o pago:** Non se proporán para o pago certificacións de investimentos inferiores a **5.000 euros**.
- **Anticipos:** As persoas beneficiarias poden solicitar un **anticipo máximo do 50%** da axuda aprobada, sempre que se constitúa unha garantía bancaria polo 100% do importe anticipado.  
Cómpre destacar que, no caso de investimentos en **explotacións intensivas**, a axuda limitarase unicamente á **porcentaxe base do 40%**, sen posibilidade de aplicar os incrementos mencionados anteriorment

### Prazo de execución e xustificación

O prazo final para executar os investimentos e presentar a xustificación remata, con carácter xeral, o **31 de xullo de 2027**.

Porén, establécense dous períodos límite dependendo de cando se finalice a actuación:

- Para actuacións finalizadas antes do 15 de novembro de 2026: O prazo límite para solicitar e xustificar o pago é o **1 de decembro de 2026**.
- Para actuacións finalizadas dende o 16 de novembro de 2026 en diante: O prazo límite é o **31 de xullo de 2027**

### Prazo de presentación das solicitudes de axuda

O prazo de presentación de solicitudes para estas axudas remata o **22/06/2026**